

DECRETO

**EXCMA. SRA. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, ALCALDESA
PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO**

**ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A
MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO PARA DAR COBERTURA ÁS
OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE
VIXIANZA E CONTROL DE ACCESOS EN EDIFICIOS PÚBLICOS: CASA
CONSISTORIAL E CENTRO DE SERVIZOS MUNICIPAIS RONDA MURALLA.**

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm.: 33-2024, por un importe total de 22.220,1 €, dentro do vixente orzamento do exercizo 2024 para dar cobertura ás obrigas de carácter económico para proceder á contratación do servizo de Vixianza e control de accesos en edificios públicos: Casa Consistorial e Centro de Servizos Municipais Ronda Muralla, sendo necesario dispor de 11.615,12 € para o contrato maior e de 10.605,65 € para un contrato menor ata que se adxudique o anterior.

Vista a inexistencia de crédito adecuado e suficiente no vixente Orzamento Xeral, solicítase a tramitación dun expediente de transferencia de crédito.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 1145/2024, do 02.08.2024 así como o RCMOD núms.: Ref.:53345/2024, por importe de 10.523,44 € ; Ref: 53344/2024, por importe de 4.092,94 € e Ref: 53343/2024, por importe de 7.603,72 €, do 02.08.2024.

Vense advertindo pola intervención de xeito reiterado nos últimos tempos sobre a evolución negativa dos principais indiadores e magnitudes económico-financeiras do Concello, e da necesidade de adoptar medidas de contención do gasto non obrigatorio. Por tanto, con independencia de que esta ou sucesivas modificacións de crédito desta tipoloxía sexan viables dende o punto de vista do cumprimento da normativa, recoméndase analizar pormenorizadamente polos órganos xestores a necesidade real de levalas a cabo, no senso de que implicarán a realización dun gasto que doutro xeito podería non executarse, permitindo un aforro, e son indicativas tamén de que se sobrepasaron as previsións orzamentarias en determinadas áreas ou materias neste momento do ano, o que debería merecer unha reflexión máis profunda por parte dos xestores antes de propoñelas.

Non obstante o anteriormente sinalado, neste caso, débese considerar que corresponde a aplicacións da mesma política de gasto polo que non se afecta a outras áreas ou servizos municipais, e que o contrato de vixilancia das instalacións ten un carácter fundamental, polo que se estima admisible.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

Intervención

LVP/lrb

Refª: ispac362232686492636980.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 33-2024 Contratos de vixilancia edificios administrativos

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 22.220,1 € para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>
93110.12000	7.603,72 €	93110.22701	22.220,1 €
93110.12100	4.092,94 €		
93110.12101	10.523,44 €		
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	22.220,1	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO	22.220,1 €

SEGUNDO: Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.